

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de maio de 2022**

Ás 17.36 horas do día 19 de maio de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamatino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista (substituída por don Aurentino Alonso Araújo) nin dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista (substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de abril de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 21 de abril de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE AO COMUNICADOR DON MANUEL VILLANUEVA DE CASTRO.

A Sra. presidenta da comisión dá conta da proposta do vicepresidente.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, reitera o seu voto favorable e considera que lle vai facer un ben a Ourense.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que xa manifestaron a súa opinión na anterior comisión e a manteñen.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que o seu voto vai ser favorable. Fai referencia a un artigo de don Manuel Villanueva en News e dá lectura a un artigo no que remata dicindo sobre a cidade de Ourense que di: *Ourense es una maravillosa cautividad sentimental una hermandad irrenunciable por todos los seres queridos, es la prolongación de nuestra familia y por ello su danza es la de un vals que en cada impulso, en cada giro en cada paso, siempre te impulsa a volver.* Conclúe dicindo que unha persoa que opina isto desta terra dende logo merece ser fillo adoptivo.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Outorgarlle a distinción honorífica de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao comunicador don Manuel Villanueva de Castro, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, dá lectura á pregunta presentada con data de rexistro de entrada na Deputación do 18.05.2022, que literalmente di:

“Bernardo Varela López, Voceiro do Grupo Provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte pregunta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Museo Internacional da Cornamusas da Deputación de Ourense, que se atopa nas dependencias da Escola Provincial de Gaitas de Ourense pódese ver unha das coleccións máis valiosas no noso País no referente a este tipo de instrumento.

Neste museo expóñense unha gran variedade de cornamusas e gaitas das distintas civilizacións: Asia, África e Europa. Unha importante colección que recolle tanto pezas orixinarias como reconstrucións de instrumentos.

PREGUNTAS

- 1. Está inventariado e delimitada a propiedade dos instrumentos pertencentes a Deputación de Ourense.*
- 2. A Deputación de Ourense fixo un seguimento do destino das diferentes pezas”*

A Sra. presidenta da comisión dá lectura á resposta que literalmente di:

“1.- Segundo indica Xosé Luis Foxo, director da Escala Provincial de Gaitas, os instrumentos proceden da recompilación ao longo de corenta anos, tanto en Galicia como no exterior. Debido á falta de persoal cualificado non se dispón dunha catalogación actualizada do material.

2.- A Escola de gaitas alberga as pezas do museo. Debido a problemas de espazo, co fin de darlles visibilidade aos instrumentos, actualmente o Castelo do Bolo alberga dez gaitas ibéricas”.

D. Aurentino Alonso Araujo, do Grupo Socialista, fai unha reflexión xa que no Pleno de decembro de 2021 se acordou por unanimidade, logo da defensa dunha moción do Grupo Socialista, solicitando que se dedicara o día das letras galegas do ano 2023 ao poeta Antón Tovar Bobillo. O 10.01.2022 a Xunta de Goberno desta Deputación outorgou o seu apoio á petición da Coral de Ruada para o próximo día das letras galegas ao poeta e dramaturgo Javier Prado Rodríguez. E o luns, no discurso do presidente da Deputación no acto institucional que se celebrou no Barco de Valdeorras con motivo do Día das Letras Galegas, adiantou que pedía que no 2023 sexa para Pura e Dora Vázquez. En conclusión en cuestión de cinco meses temos tres candidatos diferentes avaliados por esta Deputación. Todos teñen méritos, pero considera que deberíamos consensualo entre todos os grupos.

A Sra. presidenta da comisión di que temos na provincia unha cantidade de persoas que merecen o recoñecemento das letras galegas e por iso pasan esas cousas, que hai moitos candidatos. Engade que a reflexión que propoñen tamén se pode trasladar, xa que moitas veces hai propostas que presenta o grupo da oposición que non se falan cos outros grupos. No caso de Pura e Dora Vázquez indica que son mulleres e nós reclamamos aquí o papel da muller na cultura e considera que é acertado o acordo adoptado na Xunta de Goberno e como muller lle gustaría que se recoñecera. O traballo destas mulleres nun momento complicado debería recoñecerse.

D. Aurentino Alonso Araujo do Grupo Socialista, indica que está de acordo, pero engade que en dúas xuntas de goberno o 10.01.22 a Deputación solicitou o día das letras galegas para Javier prado Rodríguez e o 18.05.2022 para Pura e Dora Vázquez, xunto coa solicitude do Pleno para Antón Tovar Bobillo. É dicir, solicitouse en catro ou cinco meses pola Xunta de Goberno, no mesmo ano, para dous autores diferentes.

A Sra. presidenta da comisión di que temos moita calidade e moitas opcións en Ourense e que a Real Academia Galega que elixa entre as tres que propoñemos. Cre que todos estamos de acordo e que se acorda por unanimidade.

D. Bernardo Varela López, do BNG, móstrase de acordo co indicado por D. Aurentino Alonso, e considera que non se debe chegar con tres propostas distintas ante a Real Academia Galega, xa que perdemos forza e debemos fixar un obxectivo. Roga, respecto ao museo dependente da Escola de Gaitas, que se leve a cabo o inventario dos instrumentos que alí están depositados. Tamén pregunta cando se lle vai entregar a Medalla de Ouro a Estraviz, que se acordou por unanimidade hai dous anos. Roga que o acto se faga canto antes.

E, ás 17.49 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

